

## **ANUNCIO**

### **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 164/2023 do 26/04/2023 apróbanse as Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 3 peóns/peoas durante 5 meses e a xornada parcial para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Dodro ao abeiro do PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023, que literalmente se transcriben:

### **“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS/PEOAS DURANTE 5 MESES E A XORNADA PARCIAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE DODRO AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023**

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación de tres peóns/peoas de obras públicas para a realización de obras e servizos municipais no Concello de Dodro ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2023 da Deputación provincial da Coruña (BOP núm. 13, do 19 de xaneiro de 2023), utilizando o sistema de selección do concurso-oposición.

As funcións a realizar por estes traballadores/as son as correspondentes a súa categoría profesional nos seguintes servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: alumeadado público, recollida de residuos, limpeza viaria, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas, así como conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou educación especial.

#### **Segunda.- Modalidade de contratación.**

As contratacións serán baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, utilizando como sistema de selección o concurso - oposición, conforme as Bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2023 (BOP núm. 13, do 19 de xaneiro de 2023).

A duración do contrato será de 5 meses dende a data da súa sinatura, cunha xornada de traballo a tempo parcial de trinta e sete horas semanais.

As persoas contratadas recibirán un salario bruto de 1.453,29 € por todos os conceptos, incluída a parte proporcional da paga extra que lle corresponda.

#### **Terceira.- Lexislación aplicable.**

En canto á regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

#### **Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes**

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data da finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- 2- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
- 3- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo ó que se opte. A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial no que se faga constar que a persoa aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, caso de ser seleccionado.
- 4- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente.
- 5- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o desempeño de empregos ou cargos públicos.
- 6- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou título equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- 7- Acreditar o coñecemento da lingua galega, Celga 1. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril)
- 8- Estar inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- 9- Conforme o previsto nas Bases do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña deberán encontrarse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
  - a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
  - b) Maiores de 45 anos.
  - c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
  - d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior o 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
  - e) Persoas en situación de drogodependencia.
  - f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
  - g) Persoas con fogar monoparental.
  - h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
  - i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
  - j) Persoas sen fogar.

Os requisitos dos apartados 4 e 5 acreditaranse mediante declaración responsable, o apartado 3 mediante certificado médico oficial ou informe de saúde. Estes requisitos só os deberán acreditar os candidatos que resulten seleccionados.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen dita situación como a continuación se detalla:

SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN LABORAL	DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un ano inscritas como demandantes e emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

Para inscribirse neste proceso selectivo é preciso pagar un taxa por dereitos de exame de 20 euros, de acordo co establecido na Ordenanza Fiscal núm. 5 do Concello de Dodro (ES68 0081 2281 93 0110 2315 ou ES60 2080 0329 3831 1000 0014). Gozarán dunha bonificación do 50% da taxa as persoas que figuren debidamente inscritas como demandantes de emprego cunha antigüidade de polo menos 6 meses o cal deberán acreditar xunto co resto da documentación requirida.

#### Quinta.- Presentación de solicitudes

O Concello de Dodro dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección no taboleiro de anuncios do Concello así coma no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

As persoas que desexen tomar parte desta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente no modelo que se engade como Anexo I, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Dodro en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ou por calquera outro medio válido en dereito, recollido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, mediante e-mail (info@dodro.gal). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía e-mail, quedarán excluídos/as do proceso de selección.

Xunto coa solicitude para formar parte do proceso selectivo (Anexo I), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento (copias simples):

- Fotocopia do DNI

- Fotocopia da titulación académica esixida.
- Fotocopia do título do Celga1
- Fotocopia do documento de alta e renovación da demanda de emprego (DARDE)
- Fotocopia da documentación xustificativa da fase de concurso
- Documentación acreditativa do cumprimento algún dos requisitos relacionados na base cuarta no punto nove, acreditativa da situación de exclusión laboral
- Documento acreditativo do ingreso dos dereitos de exame no que figurarán o nome, apelidos, DNI e proceso selectivo ao que concorre a persoa interesada.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias, ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

#### **Sexta.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas:**

- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, concedendo, no seu caso, un prazo de 2 días hábiles para a subsanación das deficiencias sinaladas que motivaron a súa exclusión.

- Transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas as alegacións presentadas, por medio de Resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos así como a composición do tribunal e o día, hora e lugar no que se realizará a fase de concurso-oposición do procedemento de selección. Será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **Sétima.- Tribunal Cualificador:**

1.- O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía

Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía

Secretario/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía

Todos os membros do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

2.-O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas

5.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

#### **Oitava.- Proceso selectivo (máximo 10 puntos):**

O proceso selectivo será o de concurso-oposición:

a) Fase de oposición (máximo 7 puntos):

A oposición constará de dous exercicios de carácter obrigatorio:

Primeiro exercicio: Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo: alumeado público, recollida de residuos, limpeza viaria, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas, así como conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación.

Esta proba valorarase entre 0 e 7 puntos, sendo necesario para superar a proba acadar a puntuación que determine previamente o tribunal.

Segundo exercicio proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega, deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio que se cualificará como apto ou non apto. A cualificación como non apto supón a exclusión por parte do candidato do proceso de selección.

Os aspirantes que non obteñan a puntuación mínima na fase de oposición e apto na proba de galego, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, NON serán valorados na fase de concurso.

b) Fase de concurso de méritos (máximo 3 puntos):

A fase de concurso non ten carácter eliminatorio, nesta fase valoraranse os méritos que a continuación se detallan e referidos ó día da data en que remate o prazo de presentación de solicitudes

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas administracións públicas, relativos ao posto ofertado da maneira que segue:

- De 20 a 59 horas: 0,10 puntos por curso ou programa
- De 60 a 99 horas: 0,20 puntos por curso ou programa
- De 100 a 149 horas: 0,50 puntos por curso ou programa
- De 150 ou máis: 1 punto por curso ou programas

Non se valorará ningún curso ou programa que non sexa organizado ou financiado pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías), Administración do Estado (Ministerios), concellos, deputacións, Universidades Públicas e o Servizo Público de Emprego de Galicia, ou que estean homologados polo mesmos organismos.

Non se valorará ningún curso de menos de 20 horas ou cando non indique o número de horas.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis integrantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

#### **Novena.- Proposta de nomeamento e Resolución:**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contratadas. A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Dodro na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e dítarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro do Concello de Dodro e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

#### **Décima.- Funcionamento da listaxe:**

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realizalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico)
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo)
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 1 día hábil para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado.

### **Décima primeira.- Presentación da documentación.**

1- A persoa proposta presentará no Rexistro Xeral do Concello de Dodro, no prazo de 1 día hábil contado a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, no Taboleiro de anuncios do Concello de Dodro, os seguintes documentos:

- a) Orixinal do DNI para a súa compulsada.
- b) Informe médico oficial actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.
- c) Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e) Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- f) Orixinal da tarxeta de demandante de emprego para a súa compulsada.
- h) Documentación orixinal acreditativa de encontrarse nunha das situación de exclusión laboral.
- i) Documentación orixinal acreditativa da fase de concurso, de ser o caso
- j) Documento orixinal da titulación do Celga que corresponda segundo o posto ao que se presenta, de ser o caso.
- l) Orixinal do título académico esixido segundo o posto ao que se presenta.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os caso de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo elo como consecuencia da citada anulación.

### **Décima segunda.- Contratación:**



- 1.- Presentada a documentación pola persoa aspirante seleccionada, o Sr. Alcalde ditará Decreto de contratación e procederá a formalización do correspondente contrato laboral.
- 2.- Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.
- 3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalización do contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

### **Décima terceira: Incidencias**

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

### **ANEXO I**

#### **INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS/PEOAS DURANTE 5 MESES E A XORNADA PARCIAL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE DODRO AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2023**

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO:

*(rúa/lugar, número, código postal e localidade, aos efectos de notificacións)*

TELÉFONO:

*(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)*

CORREO ELECTRÓNICO:

*(no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren)*

EXPÓN e SOLICITA

- Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de peóns/peoas, mediante contrato laboral temporal a xornada parcial para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Dodro ao abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2023



- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

- Que autorizo ó Concello de Dodro para a publicación dos meus datos persoais (siglas do nome e apelidos e DNI anonimizado) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Apórtase a seguinte documentación (marcar cunha X):

Fotocopia do DNI

Fotocopia do título académico esixido

Fotocopia do título de Celga 1

Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego

Documentación acreditativa dos méritos

Documento acreditativo do ingreso dos dereitos de exame no que figurarán o nome, apelidos, DNI e proceso selectivo ao que concorre a persoa interesada.

Documentación acreditativa de cumprir con algunha das situación recollidas na seguinte táboa, risque a que corresponda (base 4ª.9):

Risque	Situación de exclusión laboral	Documentación a achegar
	Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
	Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
	Persoa con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía
	Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO”

O que se publica aos efectos oportunos

*Documento asinado dixitalmente*

*O alcalde*

*Francisco Xabier Castro Tourís*